

En Carballedo, a 3 de decembro de 2015.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 4489

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE)- LOTE 1- UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5+ 2 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL- LOTE 2- E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL- LOTE 3 - MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)**. Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto:

O obxecto do presente contrato é a subministración mediante lotes dun equipo de bacheo (camión con cisterna de emulsión asfáltica e caixa basculante), dun vehículo radio patrulla (5 + 2 prazas) para a policía local e un vehículo radio-patrulla (5 prazas) para a policía local, todos eles mediante alugamento financeiro (operación de leasing)

b) Prazo de execución: A duración do contrato será de catro anos improrrogables (correspondendo o mes n.º 48 ó pagamento do valor residual no caso de exercitarse a opción de compra).

Para o lote 1: EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE), de 150 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

Para o lote 2: VEHÍCULO RADIO PATRULLA CON DESTINO Ó SERVIZO DE POLICÍA LOCAL (MONOVOLUMEN 5+2 PRAZAS), de 90 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

Para o lote 3.- VEHÍCULO RADIO PATRULLA CON DESTINO Ó SERVIZO DE POLICÍA LOCAL (MONOVOLUMEN DE 5 PRAZAS), de

90 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto.

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato para a totalidade TRES lotes (que inclúe para cada lote 47 cotas e unha última de valor residual) é de 180.714,55 euros (importe sen IVE), incluíndo oas gastos financeiros.

Ver cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares para o desglose por lotes e condicións de leasing. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas ofertas.

5.- Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-71-86

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: pertil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

6.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións.

7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

8.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Centro de Servicios Municipales

b) **Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

10.- **Gastos dos anuncios:** 192,66 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 1 de decembro de 2015.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4491

MONDOÑEDO

Anuncio

Aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2015, a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, expónse ao público durante o prazo de trinta días, aos efectos de que polos interesados se poidan presentar alegacións ou reclamacións. Se durante dito prazo non se presentan alegacións, ou reclamacións, considerarase definitivamente aprobada sen necesidade de novo acordo plenario.

Mondoñedo, a 4 de decembro de 2015.- A Alcaldesa, Elena Candia López

R. 4492

QUIROGA

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de novembro do 2015, adoptou o acordo provisional de aprobación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas de hostalería en puntos de interese turístico da Ribeira Sacra, no ámbito xeográfico do Concello de Quiroga.

De acordo co disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, este acordo expónse ao público por un período de trinta días mediante anuncio no BOP de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. No caso de que non se presenten reclamacións, o texto entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario.

Quiroga, a 30 de novembro de 2015.- O CONCELLEIRO DELEGADO, (Decreto de 15/06/2015), José Enríquez Álvarez.

R. 4493
